


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

4-5 de maio do 2024

VI SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Como fai oito días seguimos a compartir con Xesús a PASCUA, e a nosa vida cambia a mellor.

Iso foi o que lle pasou aos discípulos, pois o tempo no que compartiron con Xesús serviulles para facer seus aqueles consellos, ideas e reflexións do Mestre.

Esa é tamén a nosa experiencia cando estamos rematando o tempo da pascua. Ao longo destes días Xesús foinos amosando o seu xeito de sentir e facer, e agora facemos nosos eses seus consellos. Sementar paz, non calar á violencia, deixarnos levar da man do Bo Pastor, respectarnos nas diferenzas, e amar, así é vivir o aprendido de Xesús.

O que El dixo e fixo, é para que a súa alegría estea en nós, e a nosa alegría sexa plena. Con Cristo feito Pascua á nosa beira cantámoslle

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos amarnos uns a outros coma irmáns indo e pregoando o evanxeo como agora cantamos

🎵 n° 2 Ide e pregoade

Celebrante: *Damos grazas a Deus por todos os dons da vida cos que El nos agasalla dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando o que rebule no noso interior neste día da nai. Facémolo agradecidos con todas as persoas que queremos e que nos queren ben.*

🎵 n° 3 Gloria a Deus

Celebrante: Deus de misericordia, e cheo de amor, Ti estás axudándonos a seguir celebrando dun xeito responsable estes días de alegría en honor a Xesús, o Resucitado.

Queremos practicar nas obras o que celebramos na fe, tendo sempre un fondo agradecemento a todas as nais. Contamos coa man do mesmo Xesucristo, que Resucitado vive e reina contigo por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Manternos unidos a Cristo é a maneira de facer crible a nosa fe, unidos a Cristo sabemos da responsabilidade de dar froitos, sabemos da responsabilidade de ser irmáns. Foi este o mellor dos seus consellos “amádevos uns aos outros como eu vos ameí”. Escoitámolo agora na Palabra de Deus.*

Leccionario B páx 147 **1 Xn 4, 7-10** **LECTURA**

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Meus amigos, amémonos uns aos outros, porque o amor vén de Deus; e todo aquel que ama naceu de Deus e coñece a Deus. O que non ama, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor.

O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ao mundo o seu Fillo, para que nos dese a súa vida. Hai amor dentro de nós, non porque nós teñamos amado a Deus, senón porque El nos amou a nós e mandou o seu Fillo para salvarnos e darnos vida.

Palabra do Señor

♪ n° 5 *Todo o mundo unha familia*
ou n° 8 *No colo da miña*

SALMO

((en pé) *Leccionario B páx 148 Xn 15, 9-17 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Coma me amou o Pai, así vos ameí eu: permanecedes no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, coma eu gardei os mandamentos de meu Pai, e permanezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos ameí. Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando. Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.

Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ao Pai no meu nome, volo conceda. Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



PALABRAS PARA UNHA REFLEXIÓN "AMÁDEVOS COMA IRMÁNS"

Moitos son os consellos de Xesús que podemos atopar no evanxeo. Consellos sinxelos pero cheos de vida.

Acabamos de escoitalle "amádevos uns a outros", e cando nós o facemos realidade somos capaces de agradecer a tenrura de ser nai.

E cando nós o facemos realidade non calamos a violencia que afoga a paz.

E cando nós o facemos realidade faise máis acolledora a acollida aos refuxiados.

E cando nós o facemos realidade ábrese camiños de igualdade no respecto que se merecen todas as vidas.

E cando nós o facemos realidade somos cribles, como para nós é crible o amar de Xesús dando a vida por todos.

Gardamos un pequeno silencio

RENUNCIAMOS AO MAL

***Celebrante** Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal porque queremos facelo mellor unidos a Cristo.*

*Dicimos **SI RENUNCIAMOS***

Monitor/a

○ **Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?**

Si, renunciemos

○ **Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?**

Si, renunciemos

○ **Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?**

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante** Neste tempo da Pascua, tendo en Cristo ao **IRMÁN** que dá a vida por todos, compartimos o credo dicindo **SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans e nos acolle no seu corazón?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man, e que nos quere vivos e dando vida á Pascua?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra, que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que na vida se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Coma irmáns, invoquemos agora a Cristo que nos convoca a amar a todos dando vida como El nola deus a nós na Resurrección; recemos coa nosa pregaría da Pascua dicindo*

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

- ✓ Lémbrate, Señor, da túa Igrexa nai, concédenos saber valorar e respectar os distintos camiños para achegarnos a Ti, oremos
- ✓ Lémbrate, Señor, das nais de familia, as mulleres que portan o don divino de dar vida ao mundo, para que vexan recoñecidos os seus esforzos e desvelos, oremos
- ✓ Lémbrate, Señor, das nosas parroquias de Os Cotos, que saibamos vivir unidos a Ti, para poder dar froitos de ben amándonos uns a outros, oremos
- ✓ Lémbrate, Señor, das mulleres que sofren violencia, e que necesitan maiores e mellores xustizas nas súas vidas, e lémbrate tamén todas as persoas que non poden vivir en paz, oremos

Celebrante: *Quédate, señor, con nós, e non nos deixes da túa man, agora que agradecemos a vida das nais, agora que cremos que vale a pena amarnos uns a outros coma irmáns. Quédate con nós, ti, que vives Resucitado por sempre eternamente, amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Cando gardamos as palabras de Xesús permanecemos no seu amor, por iso agora, deixándonos aconsellar por Cristo, achegámonos coma fillos ao Deus que, como NAI, nos ama por enriba de todas as cousas: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Queremos deixarnos aconsellar por Cristo, queremos facer noso o seu mandamento “amádevos uns a outros como eu vos ameí”. Ninguén ten amor máis grande que quen ofrece aos demais o mellor de si mesmo. Ofrecemos agora as nosas mans para facer crible a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela comprometida no camiño de amarnos uns a outros coma irmáns. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 9 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, a celebración que temos compartido, aléntanos no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, amándonos uns a outros coma irmáns, e tendo sempre un fondo agradecemento a todas as nais.

Non nos deixes da túa man, Ti que Resucitado vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa parroquia, cos nosos veciños e veciñas.

Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de PAZ de todas as persoas que malviven na violencia.

Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, amándonos uns a outros coma irmáns.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día da NAI, unha boa PASCUA e o Señor da paz, o Resucitado, nos bendiga †, nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén


En agradecemento a todas as nais pódese cantar

♪ Esa é María

ALELUIA !!

“CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA